



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 6º

MATERIA: Valores sociais e cívicos

DOCENTE: María Vanesa Diz Vázquez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.</i> • <i>Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoos de manifesto asertivamente.</i>
<i>Estruturar un pensamento afectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.</i> • <i>Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</i>
<i>Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Propón alternativas á resolución de problemas sociais.</i> • <i>Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.</i>
<i>Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que o sofren.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.</i> • <i>Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.</i>
<i>Na elaboración e no respecto das normas empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Explica o concepto de norma.</i> • <i>Infire a necesidade das normas da súa comunidade.</i>
<i>Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Expresa que é un dilema moral.</i> • <i>Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais ou simuladas.</i>
<i>Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades ...</i> • <i>Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.</i>



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: Observacións, valoracións por escrito e recompilación de materiais.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Escalas de estimación, cuestionarios de resposta escrita e valoración de realizacións prácticas.</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Partindo da nota da segunda avaliación, posto que considero que é unha avaliación continua, as actividades realizadas na terceira servirán para sumar puntos ou manter a mesma calificación, en ningún caso restarán.</i>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	A través de un caderno impreso no que se reparten actividades que traballan os obxectivos propostos para esta avaliación (actividades sobre o autoconceito; saber como somos, como nos sentimos; a aceptación das diferenzas, etc)
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	Neste caso temos a sorte de que todos os alumnos, da materia, teñen a posibilidade de estar conectados e polo tanto en comunicación constante. A metodoloxía que pretendo continuar utilizando procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñendo especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais a pesar da distancia física. Promoveré un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe.
MATERIAIS E RECURSOS	Material fotocopiado, material elaborado pola docente, recursos audiovisuais e medios de comunicación, aula virtual, etc.



4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<i>Espazo Abalar, Aula virtual do centro CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño e Edixgal.</i>
PUBLICIDADE	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i> https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/